



PREPOTENCE

Seguindo unha das súas máximas de comportamento, **ENCE ameaza ás autoridades administrativas e ás institucións locais** –e, ao tempo, ao conxunto da cidadanía da comarca pontevedresa- con non instalar unha planta de biomasa en Lourizán e levala a Huelva. Trátase, evidentemente, dun **novo intento empresarial de forzar ao goberno central para que tome a decisión de concederlle a prórroga da actual concesión máis aló do 2018**. E, máis unha vez, xoga coa hipotética e enganosa creación de emprego directo e indirecto (semella que desta volta non hai emprego inducido!).

Non se pode negar, desde logo, que **a prepotencia de ENCE é ilimitada**, coma ilimitada é a capacidade para chantaxear e enganar á poboación. Abonda con dicir que **se trata dunha planta de biomasa que aínda non está concedida a ENCE de forma definitiva** e que –de acordo co recollido nos xornais onubenses- **a empresa asegura naquela comarca que será instalada en Huelva sen ningún tipo de dúbidas**, vendendo tamén alí a creación de postos de traballo.

Semellan descoñecer os representantes empresariais de ENCE que en Pontevedra **non queremos máis promesas de ENCE**, que só agardamos un comunicado que poña fin de forma definitiva e irrevogábel a actividade da empresa na nosa Ría, porque só así será posíbel o desenvolvemento económico da comarca e a creación de emprego de calidade; porque **ENCE, lonxe de ser a solución, é parte fundamental do problema**. E así o deben entender tamén as autoridades locais, que deben impedir con todas as armas no seu poder a instalación da hipotética planta de biomasa en Lourizán, como se fixo no seu momento coa pretendida planta de papel tisú. **Prepotence? Non grazas!**

Pontevedra, sábado 16 de Xaneiro, 2016

Antón Masa, presidente da APDR